

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada provincial EP- 7207 desde O Cachafeiro a Vilapouca, a prol da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto de traspaso de funcións, servizos e medios persoais da Deputación Provincial de Lugo á Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se modifica o Decreto 46/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a composición e funcionamento do Comité Asesor do Camiño de Santiago.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se lle ordena á Asesoría Xurídica Xeral proceder ao persoamento da Xunta de Galicia e á presentación de alegacións de oposición, incluídas en relación á suspensión da vixencia e aplicación dos preceptos impugnados no recurso de inconstitucionalidade 8260/2010, promovido polo presidente do Goberno contra o artigo 2, apartado un, dous punto 2, cinco e dez puntos 1, 2 e 3 e contra os artigos 3 a 9 da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o Concello da Peroxa e o Concello de Nogueira de Ramuín, para a construción dunha nova ponte sobre o río Miño nos Peares, por un importe de dous millóns setecentos sesenta e oito mil cincocentos sesenta e tres euros con vinte e sete céntimos (2.768.563,27 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da resolución pola que se lle encargan á empresa pública *Xestur Lugo S.A* as obras de urbanización para a execución da 1ª fase da Área Loxística e Intermodal Porto Seco de Monforte de Lemos (Lugo), por importe de cinco millóns catrocentos sesenta e sete mil cento vinte e dous euros e trinta e dous céntimos (5.467.122,32 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela, para executar os compromisos establecidos no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010, en relación coa función das OTRI no sistema galego de investigación e innovación, por importe de douscentos trinta mil euros (230.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade da Coruña, para executar os compromisos establecidos no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010, en relación coa función das OTRIS no sistema galego de investigación e innovación, por importe de douscentos trinta mil euros (230.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Vigo para executar os compromisos establecidos no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010, en relación coa función das OTRI no sistema galego de investigación e innovación, por importe de douscentos trinta mil euros (230.000 €).
- Acordo polo que se valida o expediente da encomenda á *Sociedade Galicia Calidade S.A.* da xestión operativa de determinadas actuacións relacionadas coa adhesión á

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

rede de comercio rural galego e o uso en xeral da marca “Comercio Rural Galego” e se autoriza a sinatura da resolución de encomenda, por importe de catrocentos mil euros (400.000 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a *Fundación Porto de Vigo*, para a potenciación do sector loxístico e o desenvolvemento do porto de Vigo como motor da economía local, por importe de douscentos vinte e cinco mil euros (225.000 euros).
- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual derivado da convocatoria para o exercicio 2011, en réxime de concorrencia competitiva e trámite anticipado de gasto, das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) aos proxectos colectivos empresariais, cofinanciados co Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013, por importe de dous millóns cincocentos cincuenta mil euros (2.550.000 euros).
- Acordo polo que se autoriza a modificación das bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) aos proxectos colectivos empresariais, cofinanciados co Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o Plan de Trastornos Adictivos de Galicia 2011-2016.
- Acordo polo que se aproba o Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), para a realización de programas de protección e promoción da saúde.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Celanova, para a execución das obras de acondicionamento e rehabilitación da Torre do Reloxo, do mosteiro de San Rosendo de Celanova, en Ourense, por un importe total de cento noventa e seis mil oitocentos setenta e dous euros con oitenta e cinco céntimos (196.872,85 €) .

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza establecer un anticipo, en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no momento da concesión, na orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social e se procede á súa convocatoria. (Importe: tres millóns trescentos corenta e dous mil vinte e catro euros 3.342.024 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer un anticipo, en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no momento da súa concesión, na orde pola que se establece a convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2011. (Importe: cincuenta e tres millóns cincocentos sesenta e un mil cincocentos catro euros 53.561.504 €)
- Acordo polo que se autoriza establecer un anticipo, en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no momento da concesión, na orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego, así como a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co artigo 58.1b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (Importe total: sete millóns douscentos trinta e nove mil oitocentos sesenta e nove euros 7.239.869 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para adquirir compromisos de carácter plurianual, de acordo co artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo e se procede a súa convocatoria para o ano 2011, por un importe total de catrocentos mil euros (400.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para adquirir compromisos de carácter plurianual, de acordo co artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

e de promoción do cooperativismo e se procede á súa convocatoria para o ano 2011, por un importe total de dous millóns novecentos setenta e cinco mil euros (2.975.000 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa *Fundación Paideia Galiza*, para o fomento e a mellora de material forestal de reprodución, por un importe total de cento corenta e cinco mil euros (145.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración cos concellos de Xinzo de Limia e A Bola (Ourense), para a xestión dos centros de limpeza e desinfección deses concellos, por un importe de vinte mil euros (20.000 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores da Coruña para a recuperación dos bancos intermareais (tramitación anticipada), por un importe de trescentos sesenta e un mil douscentos noventa e dous euros con corenta céntimos (361.292,40 euros)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores da Coruña, para a realización do Plan de recuperación produtiva do marisqueo a flote na ría do Burgo (tramitación anticipada), por un importe de douscentos corenta e nove mil novecentos trinta e un euros con oito céntimos (249.931,08 euros)

INFORMES**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Informe polo que se dá conta da aprobación provisional do Plan de Ordenación do Litoral.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o proxecto arquitectónico do novo Hospital de Pontevedra.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre ocupación hoteleira do mes de novembro do 2010 e resumo de xaneiro a novembro de 2010

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA DE GALICIA INICIA OS TRÁMITES PARA RECIBIR A ESTRADA PROVINCIAL QUE UNE O CACHAFEIRO E VILAPOUCA, EN FORCAREI**

- *Con estas accións preténdese facilitar o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento económico e social dos municipios galegos*
- *Previamente a esta entrega, autorizouse un acordo entre a Consellería de Medio Ambiente e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo obras de reparación nesta estrada, cunha achega de 600.000 euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o traspaso a prol do Goberno galego da estrada que une as localidades do Cachafeiro e Vilapouca, concretamente, a estrada provincial EP-7207, en Forcarei. Esta transferencia está encamiñada a completar a vertebración e conseguir unha rede de estradas coherente, tanto nos recorridos de ámbito autonómico como nos de ámbito provincial.

Deste xeito, correspóndenlle ao Executivo autonómico, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía; así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas establece como unha das súas maiores prioridades a mellora da seguranza viaria, de forma que se lles proporcionen aos usuarios unhas condicións de conducción cómodas e seguras. Con estas accións, preténdese tamén facilitar o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento económico e social dos municipios galegos.

Actuacións previas

Previamente a esta entrega, o Consello da Xunta autorizou un acordo polo que se aprobaba a colaboración técnica financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo obras de reparación nesta estrada, onde o Executivo autonómico realizaba unha achega económica de 600.000 euros para a execución destas actuacións de mellora.


O proxecto pretende a reparación da ponte da dita vía entre os puntos quilométricos 0+140 e 0+320, debido á deterioración que causou unha inundación do río Ventoxo e o colapso da drenaxe existente.

No proxecto existe a mellora do trazado, realizando o alargamento da calzada ata os 7 metros e, nos treitos urbanos, renóvanse as beirarrúas e constrúense algunhas novas. Concretamente, no treito de estrada que pasa polo núcleo de Vilar lévase a cabo a variante de Vilar, cunha lonxitude de 700 metros; e o acondicionamento da travesía actual de Vilar, que mide uns 820 metros.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Así, a entrega da vía formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN REGULA POR PRIMEIRA VEZ O
FUNCIONAMENTO DOS CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA**

- *Desta forma dáselles resposta ás características singulares destes centros*
- *Este ROC únese ademais ao xa aprobado para as Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dotará por primeira vez os conservatorios de música e de danza dun regulamento orgánico (ROC) que prevé as súas especificidades. Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao decreto polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios da Comunidade Autónoma de Galicia, no cal se establece para estes centros un marco de organización, funcionamento e goberno diferenciado dos centros docentes públicos que imparten ensinanzas de réxime xeral. Este decreto tamén será de aplicación aos conservatorios de música e de danza de titularidade das entidades locais e aos centros privados de ensinanzas de música e de danza.

Desta forma, a Consellería dá resposta ás características singulares dos conservatorios de música e de danza, dotándoos dun marco de organización, funcionamento e goberno diferenciado dos centros docentes públicos que imparten ensinanzas de réxime xeral. Isto implica que a partir deste momento os conservatorios disporán dunha regulación específica que lles permita poñer en marcha dinámicas de funcionamento propias, nas que concretan tanto os aspectos relacionados co seu goberno e administración como aqueles de tipo organizativo que permitan realizar de maneira singular as actividades académicas e artísticas propias destes centros.

Para iso, o decreto hoxe aprobado regula a nivel autonómico os criterios comúns para a organización e o funcionamento dos conservatorios de música e de danza, dentro do marco de autonomía tanto no pedagóxico, a través da elaboración dos seus proxectos educativos, como no que respecta á xestión económica dos recursos e á elaboración das súas normas de organización e funcionamento.

Por outra banda, e co fin de garantir a calidade e promover a excelencia dos conservatorios de música e de danza, o decreto establece a realización de avaliacións internas, por parte de cada centro, e externas, co fin de pescudar o nivel de logros destes centros docentes públicos de acordo cos requirimentos sociais de formación nas ensinanzas profesionais de música e de danza. A información obtida mediante estas avaliacións debe permitir determinar os elementos que actúan sobre a eficiencia e a eficacia dos conservatorios de música e de danza para, en consecuencia, ratificalos, modificalos ou substituílos coa finalidade de asegurar a súa calidade.

Ademais, coa finalidade de lograr nos conservatorios actuacións de excelencia, por unha parte este decreto establece medidas de coordinación entre o profesorado e promove a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación e, pola outra, a consellería

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

competente en materia de Educación fomentará a formación do profesorado de música e de danza establecendo programas específicos para tal fin.

A elaboración de regulamentos orgánicos para os conservatorios de música e danza era unha tarefa pendente que este Goberno desenvolveu en pouco máis dun ano, dotando estes centros das súas propias normas de funcionamento e de organización, co que se consegue unha garantía de calidade para os estudantes dos conservatorios, que redundará nuns titulados cunha mellor preparación. Este ROC únese ademais ao xa aprobado para as Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia, dotando tamén por primeira vez a estes centros e ás súas seccións dun regulamento orgánico que prevé as súas especificidades.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O SERGAS ASUMIRÁ O 1 DE XANEIRO DE 2011 AS FUNCIÓNS, OS SERVIZOS E O PERSOAL DOS HOSPITAIS SAN JOSÉ E SAN RAFAEL**

- *O Consello da Xunta aprobará esta semana o decreto polo que estes se transfiren á Comunidade Autónoma*
- *Os inmobles en que se sitúan seguirán pertencendo ao patrimonio da deputación provincial*
- *Respectaranse os dereitos do persoal obxecto de traspaso, que se incorporará ao cadro de persoal do Servizo Galego de Saúde nas condicións que teña acreditadas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que a partir do 1 de xaneiro de 2011 se transfiren á Comunidade Autónoma as funcións e servizos que viña realizando a Deputación Provincial de Lugo en materia sanitaria a través do Hospital Provincial San José e do Hospital Psiquiátrico San Rafael.

Así, o Servizo Galego de Saúde asumirá as prestacións sanitarias que se están a desenvolver nos dous centros. Será transferido o persoal adscrito a estes centros hospitalarios dependentes da Deputación Provincial de Lugo. Este traspaso axustarase ao recollido no Decreto 447/1996, do 26 de decembro, polo que se establecen as bases para a homologación e integración funcional do persoal transferido á Xunta de Galicia dos centros sanitarios das corporacións locais, de persoal pertencente ao Servizo Galego de Saúde con vínculo xurídico funcional dos corpos e escalas da administración especial sanitaria e corpos xerais e doutro persoal con vínculo laboral fixo.

Incorporación do persoal

O proxecto de decreto establece que se respectarán os dereitos do persoal obxecto de traspaso, que se incorporará ao cadro de persoal orzamentario do Servizo Galego de Saúde nas condicións que teña acreditadas na data de efectividade deste, agás as retribucións diferidas que serán tratadas na Comisión de Seguimento.

CULTURA MODIFICA A COMPOSICIÓN E O FUNCIONAMENTO DO COMITÉ ASESOR DO CAMIÑO DE SANTIAGO PARA MELLORAR A SÚA OPERATIVIDADE

- *A modificación do Comité Asesor do Camiño de Santiago aprobada polo Consello da Xunta asegura unha adecuada representatividade da Administración local e procura unha maior operatividade e axilidade nas súas atribucións*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación do Decreto 46/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a composición e o funcionamento do Comité Asesor do Camiño de Santiago. As modificacións puntuais introducidas pretenden asegurar unha adecuada representatividade da Administración local e facer máis áxil e operativo o seu funcionamento.

A nova regulación do Comité Asesor do Camiño de Santiago establece no futuro o seu funcionamento en Pleno e en Comisión. Corresponderalle á Comisión a emisión dos informes relativos aos procedementos de autorización de obras e instalacións menores, entendendo por tales as de técnica simple e escasa entidade construtiva e económica que non supoñan alteración do volume, do uso, das instalacións e servizos de uso común ou do número de vivendas e locais, nin afecten o deseño exterior, a cimentación, a estrutura ou as condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalacións de toda clase. Deste xeito, descárgase o Pleno da función de emitir o informe preceptivo e previo sobre as solicitudes de autorización de obras menores que afecten o Camiño e o seu contorno de protección, mellorando os prazos de tramitación.

Do mesmo xeito, os cambios na composición do Comité Asesor do Camiño de Santiago permitirá adecuala ás modificacións na organización administrativa da Xunta de Galicia e asegurar unha adecuada representatividade da Administración local, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA SOLICITARÁ O LEVANTAMENTO DA SUSPENSIÓN CONTRA A REFORMA DA LEI GALEGA DE COLEXIOS PROFESIONAIS, PROMOVIDA POLO EXECUTIVO CENTRAL**

- *O Goberno autonómico nega que se vulneren as competencias estatais nesta materia polo que comparecerá ante o Tribunal Constitucional e presentará as alegacións oportunas*
- *Lamenta que o Goberno recorra a súa lei, especialmente cando o Executivo central aínda non aprobou a súa normativa sobre colexiación obrigatoria*

O Consello da Xunta de hoxe deu o seu visto e praxe para que a Asesoría Xurídica Xeral compareza ante o Tribunal Constitucional e presente alegacións de oposición ante o recurso de inconstitucionalidade interposto polo Estado contra a reforma da Lei galega de colexios profesionais. A Xunta solicitará o levantamento da suspensión desta reforma -operada pola Lei 1/2010, a chamada Lei ómnibus galega- por considerar que os preceptos contra os que se recorre non son obxecto de cuestionamento.

O pasado 23 de novembro, o Executivo central presentou un recurso de inconstitucionalidade, promovido polo presidente do Goberno, contra determinados artigos da Lei 1/2010, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva do Parlamento Europeo e do Consello, relativa aos servizos no mercado interior. Os artigos impugnados estaban relacionados coa colexiación obrigatoria do persoal sanitario público, a comunicación previa de profesionais foráneos que ofrecen por vez primeira servizos en Galicia e a regulación do visado colexial.

Ademais, o Estado invocou o artigo 161.2 da Constitución, o que produce a suspensión da vixencia e aplicación dos preceptos impugnados desde a data de interposición do recurso -23 de novembro de 2010-, para as partes lexitimadas no proceso, e desde que apareza publicada a suspensión no *Boletín Oficial del Estado* -22 de decembro- para terceiros.

A Xunta de Galicia, non está de acordo con que se vulneren as competencias estatais constituídas polas leis 17 e 25/2009, coñecidas coloquialmente como Lei paraugas e Lei ómnibus, respectivamente. É máis, lembra que cumpriu en tempo e forma a adaptación dun total de 24 normativas autonómicas, mentres que o Goberno central non aprobou aínda a súa normativa sobre colexiación obrigatoria, o que tería facilitado o labor das distintas comunidades autónomas.

A propia Administración central, nunha disposición transitoria da Lei ómnibus estatal, autoadjudicouse un prazo dun ano para remitir ás Cortes Xerais un proxecto de lei que determine as profesións de cuxo exercicio é obrigatoria a colexiación, logo da consulta ás comunidades autónomas. Este prazo expirou o pasado 27 de decembro sen que ao Goberno galego lle teña chegado ni tan sequera un borrador de tal lei, polo que non

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

comprendemos que se reclame unha competencia como propia cando desde o Estado non se está a exercer.

O Goberno galego, sen coñecer no día de hoxe a postura estatal en materia de colexiación obrigatoria e servizos profesionais, e ante a inseguridade xurídica en que se atopaban moitos profesionais, decidiu poñer por enriba de calquera disquisición a valoración da seguridade dos cidadáns galegos, por considerar que é acorde coa Directiva de servizos. Ademais, lembra que a lei galega foi obxecto dun gran consenso no Parlamento de Galicia e, por iso, cabe ademais defender a súa autonomía e competencias.

Por estes motivos, os servizos xurídicos do Goberno autonómico traballan nas oportunas alegacións co obxectivo de satisfacer os intereses propios da Comunidade galega.


A XUNTA INVISTE MÁIS DE 2,7 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCIÓN DUNHA NOVA PONTE SOBRE O RÍO MIÑO, NO NÚCLEO OURENSÁN DOS PEARES

- *Está previsto que a obra da ponte se licite no primeiro semestre de 2011 e as obras estean rematadas no ano 2012*
- *O Goberno galego pretende que a nova ponte sexa un importante eixe de comunicación e vertebración que faga máis fácil a convivencia e o intercambio entre as xentes das marxes do río*
- *Cómpre lembrar que unha actuación paralela é a recuperación da marxe dereita do río Miño mediante a construción dun sendeiro peonil que complementará a construción desta ponte*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración técnico-financeira entre o concellos ourensáns de Nogueira de Ramuín e A Peroxa e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a construción dunha ponte nova sobre o río Miño, nos Peares. A Xunta de Galicia realiza unha achega económica de máis de 2,7 millóns de euros distribuídos en tres anualidades que se corresponden cos vindeiros 2011, 2012 e 2013. O pasado 21 de decembro publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o Decreto polo que se dispón a ocupación de bens e dereitos afectados polas obras da ponte.

Cómpre lembrar que esta infraestrutura é un compromiso do presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, quen nunha visita no mes de maio aos Peares anunciou a conexión desta localidade coa N-120.

Esta actuación facilitará a unión entre as dúas marxes do río Miño, resolvendo as molestias que supón percorrer 7 quilómetros pola presa dos Peares para pasar ao outro lado. Polo tanto, o Goberno galego pretende que a nova ponte sexa un importante eixe de comunicación e vertebración que faga máis fácil a convivencia e o intercambio entre os preto de 4.800 veciños dos concellos da Peroxa, Nogueira de Ramuín e Carballedo. Outra das razóns que salientan a importancia do proxecto é que servirá para potenciar a zona turística da Ribeira Sacra.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Características da ponte**

A ponte obxecto desta actuación nacerá na conexión da antiga estrada N-120, situada no concello de Nogueira de Ramuín, coa estación de ferrocarril da liña Ourense-Monforte de Lemos, no lugar dos Peares. A nova ponte sobre o río Miño terá unha lonxitude de 193,60 metros; cinco vans, con luces de 22, 36, 45, 64 e 35 metros; contará cun largo de taboleiro de 5,5 metros; e unha calzada de 3,25 metros; así mesmo contará cunha beirarrúa de 1,25 metros a cada lado da calzada e dous peitorís de medio metro cada un deles. Así mesmo, a súa estrutura estará formada por catro piares de formigón, dous verticais e dous en V e un taboleiro de sección mixta formigón-aceiro. Esta obra licitarase no primeiro semestre de 2011 e estará rematada no ano 2012.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Actuacións complementarias**

Tamén, o pasado 8 de xullo o Consello da Xunta aprobou o proxecto de recuperación da marxe dereita do río Miño, mediante a construción dun sendeiro peonil ou paseo fluvial. Esta actuación, que se licitará no vindeiro mes de decembro por 485.000 euros, complementará a construción da ponte e permitirá recuperar o contorno. As obras consistirán na recuperación ambiental desta área, polo que se procederá á retirada parcial do muro existente para formar un noiro que facilite o crecemento de vexetación; farase tamén unha biorrexeneración mediante a colocación de biorrollos de estabilización de noiros e, así mesmo, procederase á revexetación con plantación de vexetación de ribeira e semente de céspede. Así mesmo, levarase a cabo unha adecuación recreativa que consistirá na realización do sendeiro peonil a base de pavimento permeable formigón-césped de 570 metros e a colocación de balizas baixas estancas para luz pública.

A XUNTA AVANZA NA TRAMITACIÓN DO PORTO SECO DE MONFORTE E INICIARÁ EN 2011 AS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA PRIMEIRA FASE, CUN INVESTIMENTO DE 5,5 MILLÓNS DE EUROS

- *A primeira fase ocupará preto de 130.000 metros cadrados, dun total de 307.053 m² de superficie que terá a nova área loxística e intermodal*
- *O Goberno galego cumpre o compromiso asumido en abril cos empresarios de Monforte de Lemos, de tomar a iniciativa e facerse cargo de desenvolver o proxecto, despois de que a empresa que tiña previsto levar a cabo a plataforma loxística renunciase á súa execución*
- *A Consellería de Medio Ambiente está a tramitar investimentos de preto de 20 millóns de euros nas conexións da plataforma loxística coas vías de alta capacidade*

A Xunta de Galicia iniciará o vindeiro ano as obras de construción da primeira fase do porto seco de Monforte, cun investimento de 5,5 millóns de euros, dando un paso máis na posta en marcha desta infraestrutura para que sexa unha realidade no horizonte desta lexislatura, ao mesmo tempo que tamén avanza nas conexións da plataforma loxística coas vías de alta capacidade.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), asumirá o financiamento da actuación, mentres que a empresa pública *Xestur Lugo* encargárase de executar as obras. Esta aprobación é un paso máis no cumprimento dun compromiso adquirido polo actual Executivo autonómico cando chegou á Xunta.

O Consello da Xunta celebrado hoxe aprobou a resolución pola que lle encarga a *Xestur Lugo* as obras de urbanización da primeira fase, cun orzamento de 5,5 millóns de euros, que permitirá poñer en servizo o porto seco nesta mesma lexislatura.

Esta primeira fase do proxecto ocupará preto de 130.000 metros cadrados, dun total de 307.053 m² de superficie que terá a nova área loxística e intermodal. Os usos proxectados para a superficie que se vai urbanizar serán:

- o solo empresarial que ocupará uns 54.000 m²
- a zona de equipamento que ocupará uns 20.000 m²
- a zona verde (21.831 m²)
- a plataforma intermodal (2.573 m²)
- e a canalización do regato (2.996 m²).


Ademais, a zona da rede viaria que conectará coa estrada Monforte de Lemos- límite da provincia de Ourense (LU-933) e a N-120 (Ponferrada-Vigo) tamén será urbanizada; o que suporá unha extensión de 28.687 m².

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, visitou Monforte de Lemos o pasado mes de abril, onde mantivo unha reunión con membros da Plataforma Cidadá en Defensa da Comarca de Lemos e lles anunciou que a Xunta de Galicia toma a iniciativa e faise cargo de desenvolver o porto seco de Monforte, despois de que a empresa que tiña previsto levar a cabo a plataforma loxística manifestase a imposibilidade de acometer o proxecto polas graves dificultades económicas que está a atravesar.

Será a Consellería de Medio Ambiente, a través de *Xestur Lugo*, a que saque adiante esta infraestrutura. A primeira medida consistiu na redacción do proxecto de urbanización dunha primeira fase de superficie lucrativa para o asentamento do tecido industrial. Paralelamente, o departamento que dirixe Agustín Hernández está a tramitar as conexións do porto seco coas vías de alta capacidade, nas cales o seu departamento investirá mais de 20 millóns de euros.

No que se refire ás características técnicas do porto seco, cabe citar que presenta unha superficie total de 307.053 m² distribuídos en equipamentos, aparcamentos, rede viaria, zonas verdes e plataforma intermodal. A superficie lucrativa consta de 173.086 m², abarcando unha parcela para descarga de mercancía, área de parcelas pequenas, medianas e grandes.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Accesos ao porto seco**

Na mesma visita do mes de abril, Hernández anunciou un investimento de preto de 20 millóns de euros nas conexións da plataforma loxística coas vías de alta capacidade. Esta promesa comezou a materializarse o pasado 28 de decembro, cando o *Diario Oficial de Galicia* (DOG) publicou o inicio do proceso expropiatorio dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da conexión entre o porto seco de Monforte de Lemos coa estrada Monforte de Lemos- límite da provincia de Ourense (LU-933) e a N-120 (Ponferrada-Vigo). A licitación das obras será efectiva no primeiro semestre do 2011.

A actuación proxectada ten por obxecto absorber e ordenar o tráfico producido pola posta en funcionamento do futuro porto seco de Monforte. Este proxecto prevé a construción dunha nova vía cunha lonxitude de 2,8 quilómetros que ten a súa orixe no porto seco e continúa cara ao leste durante 500 metros, onde se construíra unha glorieta. Seguidamente avanza durante 1,6 quilómetros cara ao sur ata a estrada LU-933 coa cal conecta con outra glorieta a nivel.

A vía prosegue ata a N-120 uníndose a ela mediante un enlace con tipoloxía de diamante. Este enlace proxectouse de forma que non interfira na execución e unión desta vía coa futura autovía do Estado A-72 Monforte de Lemos-Chantada.

Ademais desta conexión, o pasado 21 de decembro adjudicouse o contrato para a redacción do estudo informativo e de impacto ambiental da conexión do porto seco coa estrada Nadela-Monforte de Lemos (LU-546) e co corredor Sarria-Monforte de Lemos.

A nova conexión coa estrada Nadela-Monforte de Lemos (LU-546) terá unha lonxitude de case 3 quilómetros, que se poderá incrementar cos ramais de conexión que tamén se deberán definir no estudo.

A XUNTA ACHEGA 690.000 EUROS ÁS TRES UNIVERSIDADES PARA TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA Á EMPRESA GALEGA

- *O investimento da Consellería de Economía e Industria facilitará o traballo das oficinas de transferencia de resultados de investigación*
- *O apoio á transferencia de resultados e a posta en valor do coñecemento xerado nas universidades intensificarase a partir da entrada en vigor do i2C*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a achega de 690.000 euros ás tres universidades galegas para apoiar o seu traballo de identificación das necesidades tecnolóxicas das empresas e, en función destas, optimizar a transferencia dos seus resultados de investigación ao sector produtivo galego.

Este investimento da Consellería de Economía e Industria concrétase na transferencia de 230.000 euros a cada unha das tres universidades galegas para garantir e mellorar o funcionamento das súas oficinas de transferencia de resultados de investigación (OTRI). Deste xeito refórzase a aposta do Goberno autonómico polo establecemento de canles eficientes entre as entidades públicas de investigación e a innovación no sector privado, mediante a aplicación dos resultados dos proxectos de I+D realizados polos grupos de investigación universitarios á actividade empresarial.

Os fondos investidos pola Xunta nas OTRI das Universidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela poderán ser destinados ao financiamento de todo tipo de accións dirixidas á posta en valor dos resultados de investigación dos seus grupos: elaboración e actualización de catálogos e bases de datos de oferta tecnolóxica, asistencia a feiras, organización de encontros universidade-empresa, visitas a empresas, promoción das axudas públicas para investigación cooperativa e por encarga, dinamización de proxectos de I+D internacionais, asesoramento e negociación dos contratos das universidades con empresas e outras entidades, protección dos resultados de investigación, apoio e seguimento de iniciativas empresariais de base tecnolóxica nadas nas universidades, etc.

No marco da eficacia dos investimentos de fondos públicos aplicados polo modelo de xestión do Goberno galego, as universidades deberán xustificar a adecuada utilización e a rendibilización destes fondos, con base nunha serie de indicadores como o número de contratos con empresas conseguidos, o número de patentes rexistradas e a cantidade de iniciativas emprendedoras postas en marcha a partir de resultados de investigación, entre outros.

O apoio á transferencia de resultados e a posta en valor do coñecemento xerado nas universidades intensificarase a partir da entrada en vigor do novo Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015, tal e como se puxo de manifesto logo da aprobación do i2C no anterior Consello da Xunta. Neste sentido, establécese como unha das prioridades da nova política de I+D+I da Xunta que os axentes do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

sistema público de investigación contén cos recursos necesarios para impulsar de primeira man a valorización dos seus resultados tomando a iniciativa dunha conexión co sector produtivo baseada en necesidades reais, tarefa en que o papel das OTRI das universidades é fundamental.

A XUNTA IMPULSA A VALORIZACIÓN DO COMERCIO RURAL GALEGO COA MARCA GALICIA CALIDADE

- *A Consellería de Economía e Industria creou a marca “Comercio Rural Galego”, tendo en conta que a calidade é un factor clave para a prestación dun servizo eficiente*
- *A marca, que será xestionada por Galicia Calidade SA, inclúe a realización de auditorías aos establecementos adheridos e garante uns estándares de calidade, como garantía de fiabilidade ante os consumidores*

O Consello da Xunta vén de autorizar a Consellería de Economía e Industria a encomendar a Galicia Calidade SA a xestión da marca de calidade: “Comercio Rural Galego”, destinada a fomentar a excelencia e mais a valorización do pequeno e mediano comercio, nas vilas galegas.

A Consellería de Economía e Industria creou a marca “Comercio Rural Galego”, como garantía de calidade dos establecementos adheridos á esta rede, tendo en conta que a calidade é un factor clave para a prestación dun servizo eficiente, polo que, a través de auditorías aos establecementos adheridos, a marca garante uns estándares de calidade e establecece como garantía de fiabilidade, ante os consumidores.

De xeito que a experiencia de Galicia Calidade SA aconsella esta encomenda para levar a cabo actuacións encamiñadas a xestión operativa de actuacións relacionadas coas tarefas de verificación, avaliación, revisión dos proxectos de obra para o acondicionamento dos establecementos que pretendan adherirse á Rede, outorgamento, se é o caso, de licencias de uso da marca “Comercio Rural Galego”, inspección, auditorías e demais actuacións pertinentes en relación coa utilización e xestión xeral da mesma, incluíndo a promoción da referida marca.

Os obxectivos perseguidos son, entre outros, coordinar e garantir o cumprimento das condicións esixidas para estar adherido á rede, incluíndo a supervisión das obras necesarias a realizar nos novos establecementos de adhesión; titorías aos solicitantes de adhesión; garantir a funcionalidade dos servizos ofrecidos aos establecementos adheridos; impartir e coordinar as accións formativas para os membros actuais e para os candidatos e definir as liñas de acción de mellora para comercios rurais da rede en funcionamento.

A Consellería de Economía e Industria destinará 364.600 euros a financiar as actuacións relacionadas coa adhesión de establecementos e uso en xeral da marca “Comercio rural galego”, que se inscriben no programa específico de fomento do comercio rural, no marco de desenvolvemento do Plan Ágora, Agora re-Comercia 2010-2013.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**ECONOMÍA E INDUSTRIA POTENCIA O PAPEL LOXÍSTICO E OS TRÁFICOS DO PORTO DE VIGO COMO MOTOR ECONÓMICO DA CIDADE**

- *O Igape e a Fundación Porto de Vigo porán en marcha un programa novo, centrado na mellora da competitividade e a prol da internacionalización*
- *O Instituto Galego de Promoción Económica financiará o 50% das iniciativas ao abeiro deste acordo, con vixencia até 2012*
- *O programa inclúe o apoio á organización de iniciativas empresariais no porto de Vigo, para mellorar o aproveitamento económico derivado do turismo de cruceiros*

O Consello da Xunta aproba a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a *Fundación Porto de Vigo* para potenciar o papel loxístico e os tráxicos desta infraestrutura, cun valor estratéxico para a economía da cidade. O Instituto Galego de Promoción Económica financiará o 50% das iniciativas ao abeiro deste acordo, con vixencia até 2012.

Deste xeito, o Igape e a *Fundación Porto de Vigo* activarán un programa de colaboración novidoso, centrado na posta en marcha de actuacións de mellora da competitividade e a internacionalización, tanto do porto como das empresas que del dependen.

O acordo inclúe a organización e coordinación da asistencia a feiras; a realización de estudos ou análises de carácter económico encamiñados a avaliar a situación desta infraestrutura en relación con distintos tráxicos, así como o apoio á organización de iniciativas empresariais que se van desenvolver no porto de Vigo, consideradas de interese para acadar a mellora do aproveitamento dos resultados económicos derivados do turismo de cruceiros.

Ademais, ao abeiro deste convenio levaranse a cabo actividades de carácter cultural e social no ámbito portuario coa finalidade de valorizar a súa actividade e achegala ao conxunto da sociedade, ao mesmo tempo que se realizarán actividades formativas e informativas neste eido.

Deste xeito, a Xunta de Galicia impulsa, desde a Consellería de Economía e Industria, a mellora competitiva do porto de Vigo como axente económico dinamizador da comarca co maior tecido industrial de Galicia, e ao mesmo tempo favorece a saída cara aos mercados exteriores das empresas radicadas nel, a captación de novos tráxicos e a consolidación dos xa existentes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O PROGRAMA DA XUNTA DESTINADO A FOMENTAR PROXECTOS EMPRESARIAIS COLECTIVOS ESTARÁ DOTADO CON 2,55 MILLÓNS DE EUROS**

- *As bases de apoio a proxectos colectivos están a servir de revulsivo para que moitas pequenas empresas poidan abordar proxectos de mellora da súa competitividade, cando polo seu tamaño, sería máis complicado facelo de xeito individual*
- *Ao abeiro deste programa, establécese a concesión de subvencións a proxectos de mellora da competitividade abordados por conxuntos de cinco ou máis pequenas e medianas empresas*

O Consello da Xunta de Galicia acaba de autorizar a Consellería de Economía e Industria para convocatoria das axudas do programa do Igape destinado a fomentar a colaboración empresarial para a realización de convenios colectivos, que no 2011 estará dotado con 2,55 millóns de euros.

As bases de apoio a proxectos colectivos están a servir de revulsivo para que moitas pequenas empresas poidan abordar proxectos de mellora da súa competitividade, cando polo seu tamaño, sería máis complicado facelo de xeito individual.

Ao abeiro deste programa establécese a concesión de subvencións a proxectos de mellora da competitividade abordados por conxuntos de cinco ou máis pequenas e medianas empresas coa coordinación e intermediación das organizacións empresariais galegas.

SANIDADE INVESTIRÁ MÁIS DE 90 MILLÓNS DE EUROS PARA LEVAR A CABO O PLAN DE TRASTORNOS ADICTIVOS DE GALICIA 2011-2016

- *O plan non se limita a previr ou tratar trastornos adictivos ocasionados por drogas históricas "con substancia", legais ou ilegais, senón, tamén, aqueloutros trastornos adictivos "sen substancia", como é o caso das ludopatías*
- *Trátase dun documento orientado preferentemente á prevención, sobre todo de cara á mocidade, tendo especial sensibilidade coa prevención do abuso de bebidas alcohólicas*
- *Para a elaboración do plan contouse coa participación e o consenso de máis de 100 expertos en trastornos adictivos, con moitos anos de traballo e experiencia acumulada nesta área de tanta relevancia para a saúde pública*
- *Utilizouse un novo método de traballo colaborativo que dispuxo dunha ferramenta web, para permitir aos diferentes grupos que colaboraron no deseño do plan compartir un espazo virtual en que intercambiar opinións e información*
- *O plan elaborado polo departamento que dirixe Pilar Farjas abarca o sexenio 2011-2016, co fin de adaptarse ao marco temporal establecido pola Estratexia nacional sobre drogas*
- *Dispón, entre os seus principios reitores, a inclusión da perspectiva de xénero en todas as actuacións, posto que homes e mulleres asumen comportamentos e riscos diferentes das adiccións que requiren de respostas diferenciadas*

A Consellería de Sanidade ten previsto investir, nos vindeiros seis anos, máis de 90 millóns de euros co fin de desenvolver o Plan de Trastornos Adictivos de Galicia 2011-2016. Desda cantidade, preto de 15 millóns destinaranse xa no vindeiro ano.

O plan é un instrumento estratéxico mediante o que se planifican e ordenan o conxunto de actuacións que, durante o antedito período, vai promover a Xunta de Galicia, en colaboración con outras administracións e institucións públicas e privadas, para abordar os múltiples problemas asociados ao uso e abuso de drogas e outras adiccións.

É necesario remarcar que, por primeira vez, o plan non se limita a previr ou tratar trastornos adictivos ocasionados por drogas históricas "con substancia", legais ou ilegais, senón, tamén, aqueloutros trastornos adictivos "sen substancia", como é o caso das ludopatías. Así mesmo, trátase dun documento orientado preferentemente á prevención, sobre todo de cara á mocidade, tendo especial sensibilidade coa prevención do abuso de bebidas alcohólicas en mozos e mozas, pola súa transcendencia, recollendo, de xeito especial, actuacións derivadas da recentemente aprobada Lei de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

En consecuencia, grazas á posta en marcha destas accións, no ano de remate do plan, agárdase ter reducida a prevalencia do consumo das diferentes drogas e a mortalidade, morbilidade e os problemas sociais relacionados co abuso e a dependencia das drogas e outras adiccións sociais e comportamentais.

Plan participativo

Para a elaboración do plan, a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade adoptou, desde un primeiro momento, antes do inicio dos traballos, a decisión estratéxica de que a súa realización tería que ser fundamentalmente participativa, e que, para iso, debía contar con todas aquelas persoas –representantes de concellos, asociacións, universidades, fundacións, mancomunidades- que, sen ningunha excepción, levasen moitos anos de traballo e experiencia acumulada nesta área de tanta relevancia para a saúde pública, co propósito de que, co seu concurso e achegas, asegurasen, na medida do posible, o seu éxito.

Para contar coa maior participación posible utilizouse un método de traballo colaborativo que dispuxo dunha ferramenta web que lles permitiu aos diferentes grupos que colaboraron no deseño do plan compartir un espazo virtual en que intercambiar opinións e información, difundir dun xeito rápido e amplo os contidos elaborados e, ademais, almacenar documentación de forma organizada e sinxela.

Creáronse catro grupos de traballo: prevención, asistencia, inserción sociolaboral e formación e investigación. Os colaboradores do plan, todos eles expertos nas súas respectivas áreas de actuación, repartíronse entre os distintos grupos da seguinte maneira: prevención, 53; asistencia, 36; inserción sociolaboral, 17; e formación e investigación, 5.

Adaptación ao marco estatal

O plan elaborado polo departamento que dirixe Pilar Farjas abarca o sexenio 2011-2016, para, deste xeito, adaptarse ao marco temporal establecido pola Estratexia nacional sobre drogas do plan nacional de España. Así mesmo, no documento mantense o acordo estratéxico de desenvolver as actividades marcadas polo plan a través de cadanseu convenio, un deles para asinar coa Federación Galega de Municipios e Provincias, para subvencionar actividades de prevención e asistencia realizadas polos concellos que se adhiran a el; e outro convenio coas asociacións e ONG que están acreditadas, para tal fin, no Rexistro de Entidades Colaboradoras do Plan de Galicia sobre Drogas. Todos os convenios se basearán en evidencias científicas e se xestionarán segundo criterios de eficiencia e austeridade.

Unha vez posto en marcha o plan, en xaneiro de 2012 procederase á avaliación do proceso e resultados do primeiro ano de desenvolvemento, implementando as medidas correctoras derivadas desta acción, así como a potenciación e xeneralización daquelas outras que se amosen axustadas aos obxectivos definidos.

A PRIMEIRA INCORPORACIÓN DE PRINCIPIOS ACTIVOS AO CATÁLOGO PRIORIZADO DE PRODUTOS FARMACÉUTICOS DE GALICIA PERMITIRÁ UN AFORRO DE 100 MILLÓNS DE EUROS ANUAIS

- *Asegura o mesmo nivel de prestación farmacéutica que existe en calquera punto do SNS pero a un custo asumible, de cara a conseguir a viabilidade do sistema sanitario público de Galicia*
- *Recolle as prioridades necesarias para garantir a cobertura da prestación farmacéutica segundo os principios de calidade, seguridade, efectividade e eficiencia*
- *A Xunta reinvestirá os aforros derivados das medidas previstas nesta lei na construción dun novo sistema sanitario público, especialmente na atención primaria*

O Consello da Xunta, na súa xuntanza semanal, aprobou o Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos, que asegura o mesmo nivel de prestación farmacéutica que existe en calquera punto do sistema nacional de saúde (SNS) pero a un custo asumible, de cara a conseguir a viabilidade do sistema sanitario público de Galicia.

Nesta primeira incorporación de determinados grupos de principios activos nel, calcúlase que o aforro anual no gasto farmacéutico a través de receita oficial, ao cambiar os produtos non incluídos polos que están, sería duns 100 millóns de euros anuais.

Así, o catálogo ten como obxectivo o financiamento selectivo de medicamentos e produtos sanitarios dentro do Nomenclátor oficial de produtos farmacéuticos elaborado polo ministerio. Neste sentido, nel selecciónanse algúns dos fármacos recollidos nun mesmo conxunto de intercambio, entendendo como tal o conxunto dos que teñen o mesmo principio activo, a mesma dose, a mesma presentación e igual número de unidades por envase. Estes medicamentos do conxunto de intercambio posúen a mesma eficacia, seguridade e calidade e considéranse intercambiáveis entre si.

O criterio que se aplica para levar a cabo esta selección de medicamentos de cara á elaboración do catálogo priorizado é o do prezo menor -establecido periodicamente polo Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade- para cada medicamento no conxunto de intercambio, coas premisas de asegurar o abastecemento e de evitar situacións de perturbación do mercado.

O catálogo recolle as prioridades necesarias para garantir a cobertura da prestación farmacéutica segundo os principios de calidade, seguridade, efectividade e eficiencia. Polo tanto, a prestación farmacéutica de Galicia garantirá o financiamento público de todos os principios activos incluídos no Nomenclátor oficial de produtos farmacéuticos.

A lista estará formada polos principios activos, coas súas respectivas presentacións, que respondan ao prezo menor recollido no Nomenclátor oficial de produtos farmacéuticos financiados polo sistema nacional de saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A Comisión Autónoma Central de Farmacia e Terapéutica é o órgano competente para propoñer o catálogo priorizado de medicamentos.

A XUNTA DE GALICIA DESTINA MÁIS DE 7,6 MILLÓNS DE EUROS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE NO MARCO DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEGAMP

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe vén de aprobar un proxecto de acordo mediante o que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; a Consellería de Sanidade; o Servizo Galego de Saúde; e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), para a realización de programas de protección e promoción da saúde. Para tal efecto, o Goberno galego contribuirá ao financiamento deste convenio destinando a cantidade de 7.650.243 euros, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o 2011.

Da dita cantidade, un 60,3% corresponde a programas de intervención de asistencia sanitaria e atención aos trastornos adictivos a través das unidades asistenciais de drogodependencias, un 21,6% corresponde a programas de prevención de trastornos adictivos e un 18,1% a axudas por gastos de mantemento de centros sanitarios de titularidade municipal.

No marco do Pacto local, a Fegamp coordinará e facilitará a execución do convenio como entidade colaboradora para os efectos de recibir os fondos e transferilos no nome e por conta da Xunta de Galicia aos concellos destinatarios.

Axudas ás actividades

Os programas de prevención de trastornos adictivos ateranse aos criterios de planificación da Consellería de Sanidade.

Polo que atinxe ao desenvolvemento dos programas de asistencia a persoas con trastornos adictivos, as unidades atenderán a demanda que se xere, respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade, equidade e gratuidade e comprenderá, entre outras, as funcións de prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación e a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia en coordinación co sistema de servizos sociais. A intervención de asistencia e atención aos trastornos adictivos farase a traves das unidades asistenciais de drogodependencias de que dispoñan os concellos.

Ás anteditas dúas categorías de axudas haberá que engadir as dos gastos de mantemento de centros sanitarios de titularidade municipal referidos á electricidade, teléfono, calefacción, limpeza, etc.

CULTURA E TURISMO EXECUTARÁ CUN ORZAMENTO DE 197.000 EUROS A REHABILITACIÓN DA TORRE DO RELOXO DO MOSTEIRO DE SAN ROSENDO DE CELANOVA

- *O Consello da Xunta acaba de aprobar a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o concello ourensán para a execución dos traballos de acondicionamento e rehabilitación da Torre do Reloxo do mosteiro, construído entre os anos 936 e 942*

O Consello da Xunta acaba de aprobar a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Celanova que posibilitará a execución das obras de acondicionamento e rehabilitación da Torre do Reloxo do mosteiro de San Rosendo. En virtude do convenio autorizado hoxe, a Consellería de Cultura e Turismo será a encargada de levar a cabo o desenvolvemento destas actuacións. Pola súa parte, o Concello de Celanova comprométese a autorizar a libre dispoñibilidade do inmovible para que a Consellería de Cultura e Turismo poida acometer as obras.

Os traballos de rehabilitación da Torre do Reloxo terán un orzamento de 196.873 euros, distribuídos nas anualidades de 2011 e 2012. En detalle, a Consellería de Cultura e Turismo achegará 102.578 euros, asumindo o 50% da licitación da obra (94.295 euros) e o total da dirección das obras (8.283 euros). Pola súa banda, o Ministerio de Fomento achegará 94.295 euros, a través do 1% cultural. O convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento para o cofinanciamento desta actuación foi asinado en Madrid o pasado día 21 de decembro.

As actuacións previstas teñen por obxecto asegurar a estabilidade das fábricas, así como intervir nun magnífico conxunto de bens mobles que asegure o seu estado de conservación e permita unha recuperación para usos culturais e de ocio. O mosteiro de San Rosendo dispón da posibilidade dunha magnífica observación do conxunto, así como a maquinaria dun reloxo histórico e dun conxunto de campás de grande interese. O mosteiro de San Rosendo de Celanova, construído entre os anos 936 e 942, chegou a converterse nun dos máis importantes de Galicia e a súa igrexa nunha das máis destacadas do barroco galego. A monumental Torre do Campanario que se vai rehabilitar, conta con seis plantas, balconada e bóveda de pedra sobre a que se asenta a maquinaria do reloxo.

Estas actuacións inclúense no Plan de Abadías, Mosteiros e Conventos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Enmarcadas neste plan, a Consellería de Cultura e Turismo executará tamén na provincia de Ourense as obras de reparación das cubertas do mosteiro de Santa María de Melón, cun orzamento de 197.126 euros, e as actuacións de rehabilitación das cubertas do Claustro dos Cabaleiros do mosteiro de San Cristovo de Cea, cunha inversión total de 241.190 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**APROBADA A ORDE DE AXUDAS AO MANTEMENTO DE ESCOLAS INFANTÍS DE INICIATIVA SOCIAL, CUN ORZAMENTO DE 3,3 MILLÓNS DE EUROS**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a orde de subvencións para gastos de persoal, xerais e de alimentación, que prevé o anticipo de ata o 50% do capital concedido*
- *Esta liña permitiu este ano facer achegas a 54 centros destas características, que habilitaron 3.000 prazas para nenos e nenas de cero a tres anos*
- *A consellería ten previsto poñer en funcionamento preto de 1.000 novas prazas en arredor de 25 escolas infantís durante o vindeiro ano*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a orde reguladora das bases e o procedemento de concesión de axudas para o mantemento de escolas infantís de cero a tres anos vinculadas a centros de iniciativa social para a súa convocatoria en 2011, á cal a Consellería de Traballo e Benestar destinará 3.342.024 euros.

O Goberno galego deu tamén luz verde ao anticipo de ata o 50 por cento do capital asignado aos beneficiarios destas subvencións. A través desta actuación financiaranse os gastos de persoal, alimentación e outros de carácter xeral derivados do mantemento do centro.

Un total de 54 escolas infantís, que en total superaban as 3.000 prazas para nenos e nenas de cero a tres anos, beneficiáronse este ano das axudas concedidas pola Administración galega co fin de contribuír ao seu mantemento.

A axuda ao mantemento dos centros dependentes de entidades de iniciativa social ten unha importante relevancia porque fomenta a oferta de prazas nas mesmas condicións que as escolas públicas. Esta orde de subvencións será publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) en xaneiro de 2011, data a partir da cal se poderán iniciar as solicitudes.

Estas subvencións poderán pedilas todas as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e teñan en funcionamento unha escola infantil de cero a tres anos que desenvolva a súa actividade na comunidade galega.

Mil novas prazas nunhas 25 escolas infantís en 2011

O Executivo autonómico ten entre os seus principais obxectivos a ampliación da oferta das escolas infantís de cero a tres anos, dado que constitúen unha ferramenta básica para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

Por esta razón, a Xunta aposta pola mellora cuantitativa e cualitativa da rede galega de escolas infantís. Precisamente, a Consellería de Traballo e Benestar prevé poñer en funcionamento ao longo do vindeiro ano 2011 preto de 1.000 novas prazas en arredor de 25 escolas infantís, cifra que se sumará ás 1.800 que se puxeron en marcha no que vai de lexislatura.

CASE 23.000 PERSOAS DESEMPREGADAS SE BENEFICIARÁN DE ACCIÓNS FORMATIVAS EN 2011, NAS QUE TRABALLO INVESTIRÁ MÁIS DE 53 MILLÓNS

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a orde reguladora e a convocatoria da programación das actividades dirixidas a este colectivo*
- *O Goberno galego reforza as súas políticas activas de emprego no eido da formación, cun aumento superior ao 5% do orzamento nesta materia para 2011*
- *A consellería pretende incrementar a liña de formación certificable, sobre todo a dirixida á obtención de novos certificados de profesionalidade*

Case 23.000 persoas desempregadas poderán beneficiarse de accións formativas o vindeiro ano, en cuxa programación a Consellería de Traballo e Benestar investirá máis de 53 millóns de euros. O Consello da Xunta autorizou hoxe a orde reguladora das bases desta actuación e a súa convocatoria pública.

A Administración laboral galega incrementará nun 5,6 por cento o seu orzamento en materia de formación, ao pasar dos 50,7 millóns de euros de orzamento para este exercicio aos 53,5 do vindeiro ano.

Coa programación para o vindeiro ano, o departamento que dirixe Beatriz Mato pretende iniciar un xiro das súas políticas activas de emprego co reforzo da actividade formativa. O seu obxectivo é incrementar a programación acreditable, especialmente aquela dirixida á obtención dos novos certificados de profesionalidade.

A formación acreditable permitirá aos alumnos dispoñer dun certificado con carácter oficial e validez estatal, que, ao mesmo tempo, terá efectos académicos no eido do sistema educativo e profesionais recoñecidos na lexislación vixente.

Por outra banda, os cursos de formación profesional para o emprego constitúen un dos elementos máis salientables das políticas activas de emprego por tratarse dunha medida de mellora da empregabilidade das persoas en paro que se recolle na Estratexia europea de emprego e no Plan Nacional de Acción para o Emprego.

Así mesmo, o Plan Galego de Formación Profesional establece que este tipo de formación é unha vía fundamental para conseguir un incremento da competencia, da empregabilidade e das posibilidades de inserción laboral dos traballadores desocupados.

Máximos niveis de calidade e excelencia

Así, a través da orde do próximo ano, a Xunta fará unha importante aposta por unha formación para o emprego cos máximos niveis de calidade e excelencia, precisos neste contexto de crise económica e laboral. Traballo e Benestar busca deste xeito ofertar unha formación axustada ás necesidades do mercado laboral e ás exigencias de competitividade das empresas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Tamén pretende cubrir as aspiracións dos traballadores en materia de promoción profesional e desenvolvemento persoal, co fin de capacitalos para o desempeño cualificado das diferentes ocupacións e o acceso ao emprego.

Normalizados, actualizados e adaptados ao mercado laboral

Os novos programas de formación que integrarán a oferta de 2011 da Dirección Xeral de Formación e Colocación están normalizados, actualizados e adaptados ás exigencias do mercado de traballo.

Así mesmo, estes programas teñen un referente común de competencias en materia educativa e laboral porque foron elaborados en función das cualificacións profesionais existentes. Este factor permitirá que haxa unha certa homoxeneidade entre a formación asociada a unha ocupación ou profesión e a posibilidade de identificar a súa relación co mercado laboral do conxunto do Estado e mesmo no Marco europeo das cualificacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**TRABALLO DEDICARÁ 7,2 MILLÓNS A SUBVENCIONAR ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO ENTRE 2011 E 2012**

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o gasto plurianual para o vindeiro exercicio e o seguinte e a concesión de anticipos do 35% ás entidades beneficiarias*
- *A Consellería de Traballo e Benestar investirá 5,1 millóns en 2011 e outros 2,1 nos primeiros meses de 2012*
- *Os técnicos contratados por concellos, universidades e entidades sen ánimo de lucro integraranse na rede de orientación laboral do Servizo Público de Emprego*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a orde de convocatoria pública de subvencións das accións de información, orientación e busca de emprego durante 2011 e primeiros meses de 2012 tras aprobar o gasto neses dous exercicios e dar luz verde á concesión de anticipos de ata o 35 por cento do capital concedido.

A Consellería de Traballo e Benestar destinará para tal fin 7,2 millóns de euros (dos que 2,2 están cofinanciados nun 80% polo Fondo Social Europeo e nun 20% pola Xunta de Galicia a través do Programa operativo de Galicia 2007-2013) durante os vindeiros dous anos, de xeito que en 2011 a achega ascenderá a 5,1 millóns e en 2012 será de 2,1 millóns.

Estas axudas diríxense ás entidades como concellos, universidades ou organizacións sen ánimo de lucro que desenvolvan labores de información, orientación e busca de emprego mediante itinerarios personalizados de inserción ocupacional para mellorar as posibilidades de incorporación ao mercado laboral dos demandantes do Servizo Público de Emprego.

En concreto, o departamento que dirixe Beatriz Mato subvencionará os custos de persoal e os gastos xerais das entidades colaboradoras externas que acheguen os recursos humanos, técnicos e materiais necesarios para levar a cabo as devanditas actuacións.

As accións iniciaranse en febreiro

A publicación desta orde está prevista para a primeira semana de xaneiro e o inicio das accións en materia de orientación producirase en febreiro para concluír no primeiro mes de 2012. Os técnicos contratados polas entidades colaboradoras pasarán a formar parte do sistema integrado de orientación laboral do Servizo Público de Emprego.

Ademais, a rede de orientación laboral dependente da Administración galega verase incrementada a partir de febreiro deste ano coa incorporación de 109 novos técnicos asignados á comunidade no Plan Extraordinario de Orientación Profesional.

Inserción laboral, empregabilidade e competencias profesionais

Co financiamento destas accións en materia de orientación, a Consellería busca facilitar a inserción e reincorporación laboral dos desempregados, ademais de favorecer a súa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

mobilidade profesional no mercado de traballo e dar apoio para que os destinatarios tomen as decisións máis adecuadas respecto das súas necesidades formativas.

Tamén se procura mellorar a empregabilidade dos traballadores e desenvolver o espírito emprendedor e as iniciativas de autoemprego. Traballo e Benestar pretende potenciar, ademais, unha participación activa no procedemento de acreditación das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral.

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 3,3 MILLÓNS DE EUROS EN DOUS PROGRAMAS DE FOMENTO DO COOPERATIVISMO

- *A Consellería de Traballo e Benestar investirá 2,9 millóns de euros en programas de fomento do emprego en empresas de economía social e na súa promoción*
- *Ademais, dedicará 400.000 euros para subvencións destinadas aos concellos e entidades locais co fin de que leven a cabo actividades de difusión desta fórmula empresarial*

A Consellería de Traballo e Benestar investirá entre 2011 e 2012 máis de 3,3 millóns de euros en distintas actuacións de promoción e fomento do cooperativismo, co fin de conseguir un adecuado desenvolvemento de Galicia en materia de economía social, tanto no fomento do emprego como na mellora da competitividade destas empresas.

Así, o Consello da Xunta aprobou hoxe dous proxectos de acordo neste sentido. O primeiro deles dá luz verde a unha orde para fomentar o emprego en empresas de economía social e para promocionar o cooperativismo. Para conseguilo, conta cun investimento de máis de 2,9 millóns de euros.

Esta orde recolle distintos programas que inciden en aspectos fundamentais das cooperativas, establecendo axudas para os seguintes conceptos: fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais; mellora da competitividade; impulso de proxectos empresariais cooperativos e asistencia técnica; fomento do acceso á condición de socio/a traballador/a; e actividades de promoción do cooperativismo.

De todas estas áreas, cabe destacar que no caso do fomento do emprego ofrécense axudas orientadas a facilitar a incorporación das persoas desempregadas como socios e socias traballadores/as nas cooperativas ou sociedades laborais.

No caso da promoción da economía social, tamén hai que salientar que se regulan axudas para impulsar proxectos empresariais cooperativos, mesmo na fase previa á súa constitución formal. Nesta última área, poténcianse especialmente os procesos de asesoramento e de acompañamento das novas iniciativas.

Axudas a entidades locais

Por outra banda, o Consello da Xunta deu hoxe luz verde á orde de axudas aos concellos e outras entidades locais para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo por valor de 400.000 euros na súa convocatoria para 2011.

Trátase dunha convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para sufragar parcialmente actividades de promoción do cooperativismo por parte de concellos e outras entidades locais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Dentro desta iniciativa, cabe resaltar a especial importancia que teñen as subvencións para fomentar a creación de oficinas de emprego cooperativo, o que permite consolidar proxectos de economía social grazas a un maior apoio e seguimento.

O obxectivo xeral destas axudas é difundir as potencialidades desta fórmula empresarial para o desenvolvemento local, moi especialmente desde os ámbitos máis próximos aos cidadáns.

MEDIO RURAL E FUNDACIÓN *PAIDEIA* TRABALLARÁN XUNTAS NO FOMENTO E MELLORA DE MATERIAL FORESTAL DE REPRODUCCIÓN

- *O Consello autorizou a sinatura dun convenio entre ambas partes por un importe de 145.000 euros para repartir en tres anualidades*
- *As accións que van levar a cabo pretenden fomentar a mellora na produción forestal dalgunhas especies de especial interese para o sector galego, entre as que destacan a cerdeira e os carballos*

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural para sinatura dun convenio de colaboración coa fundación *Paideia*, para a execución das accións que levan a fomentar a mellora na produción forestal dalgunhas especies de especial interese para o sector galego, entre as que destacan a cerdeira e os carballos.

Actualmente os viveiros forestais da nosa comunidade apenas dispoñen dun material xeneticamente mellorado de procedencia galega, que permita manter unha produción de calidade destas especies. Para potencialas, o departamento que dirixe Samuel Juárez pon en marcha este convenio que busca o incremento do patrimonio natural de Galicia e da súa biodiversidade a través da transferencia da investigación ao eido privado.

A fundación *Paideia* asume as obrigas de incrementar a produción de cerdeira polo método do cultivo "in vitro", a partir de clons seleccionados polo seu crecemento e resistencia a enfermidades. Así mesmo, promoverá investigacións para a certificación de novos clons de planta forestal do xénero da cerdeira e dos carballos. Tamén estudará os mellores envases e volumes, para un desenvolvemento óptimo da planta forestal reproducida mediante estas técnicas.

Pola súa banda, Medio Rural, co fin de mellorar a produción de plantas forestais con orixe en Galicia, proporciona a colección de patróns (material de base) das citadas especies procedentes do Centro de Investigacións Forestais de Lourizán. Así mesmo, participará activamente nas accións previstas da citada investigación con persoal especializado en materia forestal de reprodución, dirixindo e coordinando os traballos mediante persoal técnico da Dirección Xeral de Montes.

Orzamento

O importe total é de 145.000 euros, a razón de 25.000 euros para o ano 2011 e 60.000 euros para cada unha das anualidades do 2012 e 2013. Esta achega só cubrirá os custos de realización da actividade, sen beneficios industriais, nin lucro entre as partes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**MEDIO RURAL E OS CONCELLOS OURENSÁNS DE XINZO DE LIMIA E A BOLA COLABORARÁN NA XESTIÓN DOS CENTROS DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN**

- *O Consello autorizou a sinatura dun convenio con ambos municipios para regular a xestión dos centros de limpeza e desinfección dos vehículos e medios de transporte de gando*
- *O orzamento global desta acción é de 20.000 euros para os anos 2011 e 2012*

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración cos concellos ourensáns de Xinzo de Limia e A Bola para a xestión dos centros de limpeza e desinfección de ambos municipios, por un importe global de 20.000 euros para repartir en dúas anualidades.

O obxecto do convenio é regular a xestión dos centros de limpeza e desinfección de Xinzo de Limia e A Bola. O departamento que dirixe Samuel Juárez cede as instalacións de cadanseu centro de limpeza e desinfección a estes concellos. Os centros dispoñen dos elementos necesarios para cumprir co proceso de limpeza e desinfección dos vehículos e medios de transporte do gando.

Competencias

O Concello de Xinzo de Limia asume a xestión dos centros de limpeza e desinfección de vehículos e medios de transporte de gando situados en Xinzo de Limia e na Bola. Así mesmo, encargárase de contratar o persoal necesario para a prestación deste servizo e definirá o seu horario; establecerá e cobrará as tarifas que van satisfacer os usuarios; ocupárase do mantemento das instalacións e informará anualmente a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria da Consellería do Medio Rural dos vehículos lavados e desinfectados nestes centros, entre outras actividades.

Orzamento

Este convenio asínase cunha duración de dous anos, contados dende o 1 de xaneiro de 2011 e até o 30 de decembro de 2012, por un importe global de 20.000 euros, a razón de 10.000 euros por ano.

OS MARISCADORES CORUÑESES BENEFICIARANSE DUN CONVENIO PARA A RECUPERACIÓN E MELLORA PRODUTIVA DA RÍA DO BURGO

- *A Consellería do Mar outorgará axudas a 131 mariscadores a pé e desde embarcación por labores de mellora produtiva e dos bancos intermareais*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de dous convenios entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores da Coruña para recuperación e mellora produtiva do marisqueo desde embarcación na ría do Burgo e outro para a recuperación dos bancos intermareais. O importe total dos dous convenios é de 611.223 euros e será cofinanciado polo Fondo Europeo da Pesca nun 61%, correspondéndolle o 39% restante á Consellería do Mar.

O primeiro dos acordos, por valor de 361.942 euros, céntrase na limpeza e acondicionamento do substrato para mellorar as súas condicións de cara a aumentar a produtividade e a calidade dos seus produtos.

O segundo dos convenios vai encamiñado á recuperación e mellora produtiva das áreas de extracción onde traballa o marisqueo desde embarcación. Este acordo, por importe de 249.931 euros, incide na mellora da calidade dos bancos marisqueiros do infralitoral da ría, en incrementar a súa superficie produtiva e en manter o substrato en condicións axeitadas para o desenvolvemento dos recursos marisqueiros.

Por demais, os dous plans recollen tarefas de vixilancia por parte dos mariscadores co obxecto de reducir a acción dos furtivos nas zonas rexeneradas. Os traballos para impulsar a rexeneración dos bancos marisqueiros desenvolveranse durante o primeiro trimestre de 2011.

O ámbito de actuación destes convenios correspóndese coa parte interna da Ría do Burgo, entre A Ponte Pasaxe e a ponte do Burgo e desde a ponte da Pasaxe ata a liña imaxinaria que vai desde o Colexio Santiago Apóstolo ata o extremo E da praia de Santa Cristina.

O desenvolvemento deste plan de recuperación e mellora das áreas productivas da ría do Burgo é o resultado da execución dos acordos acadados entre os representantes da Confraría de Pescadores da Coruña e da Consellería do Mar, e efectúase con base nos resultados dos estudos e prospeccións levadas a cabo por parte dos biólogos do departamento autonómico. Estes traballos permitirán mellorar o estado das zonas de extracción de moluscos ao mesmo tempo que se avanzará na súa capacidade produtiva, dando así tamén pasos no Plan de Recuperación de Zonas Improductivas que a Consellería do Mar vén desenvolvendo desde hai meses.

A PLANIFICACIÓN TERRITORIAL DEIXA DE SER UNHA MATERIA PENDENTE EN GALICIA COA APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DO LITORAL

- *A Xunta cumpre así co seu compromiso de ter aprobado este plan territorial integrado no mes de decembro*
- *O POL, que se tramita de xeito paralelo ás directrices de ordenación do territorio, constitúe a folla de ruta que rexerá as distintas administracións á hora de planificar o litoral*
- *A entrada en vigor do plan está ás expensas do informe favorable do Ministerio de Medio Ambiente*

A Xunta de Galicia deu cumprimento á súa palabra e acadou a aprobación do Plan de Ordenación do Litoral este mes decembro. Con este importante trámite, o Goberno galego deixa feitos os seus deberes e queda a expensas do informe favorable da Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar, dependente do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño. Ese será o derradeiro chanzo para a entrada en vigor do POL, que será efectiva mediante decreto e publicación no DOG.

A aprobación provisional do Plan de Ordenación do Litoral súmase á levada a cabo coas DOT hai dúas semanas, dous fitos históricos que fan que a planificación territorial deixe de ser unha materia pendente en Galicia. O POL é unha ferramenta que lle servirá á Administración autonómica, pero sobre todo á local para coñecer as regras de xogo da ordenación do litoral. Agora os municipios saberán que é o que teñen que protexer e como; onde poder situar o seu desenvolvemento e de que xeito. Trátase, en definitiva, de mellorar o pasado e garantir o futuro.

A orde que se publicará o día 3 reflicte o mantemento da suspensión acordada pola Orde do 23 de xullo de 2010 de todas as actuacións que contradigan os valores do solo postos de manifesto neste plan territorial integrado e, por outra banda, levanta a suspensión a unha serie de ámbitos onde se considerou que o seu desenvolvemento non contraviña os criterios do POL. Trátase, en concreto, de urbanizables non delimitados (G4) situados en máis do 95% en área de ordenación, que non conteñan espazos naturais protexidos, corredores ou elementos de interese. Nesta fase levantáronse 216 ha correspondentes a 27 solos deste tipo situados sobre todo na provincia da Coruña.

Durante esta fase de información pública que precedeu á aprobación provisional recibíronse novas achegas que actualizaron a información dispoñible, e tivo lugar tamén a aprobación de novos PXOM –adaptados á Lei de ordenación urbanística de Galicia, Louga- en concellos do ámbito de aplicación do POL (Muros, Valga, e máis recentemente Dodro, que se suman a Paderne, Laxe, Oleiros, Vigo e A Pobra do Caramiñal). Segundo indica a propia normativa do POL, o plan non é de aplicación ao solo urbano non consolidado e ao urbanizable delimitado destes municipios (salvo adaptación voluntaria), como tampouco afecta o solo urbano consolidado nin o de núcleo rural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
 Consello da Xunta

Análise do documento

O documento que agora se aproba ordena un total de 215.359 ha, o que equivale ao 7,27% da superficie de Galicia. Esta cifra é de aplicación en 180.405 ha de 82 concellos do litoral galego coa seguinte distribución:

Provincia	Nº concellos	ha	%
Pontevedra	27	42.727,44	23,68%
A Coruña	46	114.353,30	63,39%
Lugo	9	23.324,62	12,93%
Total	82	180.405,36	100,00%

Neste ámbito analizáronse 1.794 ámbitos, dos cales 608 quedan excluídos por ser de municipios adaptados á Louga ou ter rematado de tramitar a súa xestión, quedando un total de 1.186 ámbitos. Tras a análise da totalidade dos ámbitos, consideráronse compatibles co modelo do plan 460 ámbitos e quedarán suspendidos 726.

Aprobación provisional				
En todo o ámbito				
	Franxa	Compatibilidade	ha	Nº
Compatible	< 500	G1	524,85	274
		G4	26,41	7
	Total < 500		551,26	281
	> 500	G1	587,79	159
G4		189,62	20	
Total > 500		777,41	179	
Total compatible			1.328,67	460
Paraliza	< 500	G2	230,44	98
		G3	314,62	77
		G4	6.347,71	292
	Total < 500		6.892,77	467
	> 500	G2	154,36	12
		G3	7,21	1
G4		2.582,39	246	
Total > 500		2.743,96	259	
Total paralizado			9.636,73	726

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
 Consello da Xunta

Total xeral	10.965,40	1.186
--------------------	------------------	--------------

- ***Grao 1:** as súas determinacións son plenamente compatibles coas do presente plan e polo tanto poden desenvolverse sen prexuízo do establecido na lexislación ou no planeamento territorial e sectorial de aplicación.
- ***Grao 2:** as súas determinacións son adaptables coas do presente plan mediante a incorporación dos criterios e normas recollidos no Anexo á Normativa. O cumprimento destes criterios e normas verificaranse no seo do procedemento establecido no artigo 100 da citada Normativa.
- ***Grao 3:** as súas determinacións considéranse incompatibles, xa que necesitan levar a cabo axustes na súa delimitación e/ou determinacións urbanísticas de carácter xeral ou detallada, para incorporar os principios do Plan de Ordenación do Litoral.
- ***Grao 4:** son aqueles solos cuxo réxime urbanístico é de urbanizable non delimitado, que non iniciaran a súa tramitación por tratarse de ámbitos suxeitos a unha necesaria delimitación previa ao seu desenvolvemento.

Deste xeito, como amosa a táboa, podemos ver que en todo o ámbito se paralizan 9.636 ha (726 solos), na liña dos datos obtidos na fase de aprobación inicial, 9.650 ha e 731 solos. Esta cifra está moi por enriba da suspensión levada a cabo polo Goberno anterior, que paralizaba 6.135 ha e 391 solos.

<i>Aprobación Inicial</i>		<i>Superficie</i>	<i>Solos</i>
		<i>ha</i>	<i>Nº</i>
< 500	<i>Compatible</i>	513,93	259
	<i>Paraliza</i>	6.858,27	465
Total < 500		7.372,20	724
> 500	<i>Compatible</i>	536,78	119
	<i>Paraliza</i>	2.792,40	266
Total > 500		3.329,17	385
Total	<i>Compatible</i>	1.050,71	378
	<i>Paraliza</i>	9.650,67	731
Total xeral		10.701,37	1.109

Pola contra, nesta fase mantéñense os solos considerados compatibles na fase anterior (378), aos que se engaden os 27 solos urbanizables non delimitados compatibles que se detectaron - situados na súa meirande parte fóra da liña dos 500 metros- así como novos solos que entraron no ámbito de aplicación froito da fase de información pública e a xestión dinámica do territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O 63% dos ámbitos (748) están localizados na franxa dos 500 primeiros metros da costa, onde a paralización afecta 467 solos e 6.892 ha.

Aprobación provisional Liña de 500 metros				
	Superficie		Ámbitos	
	ha	%	Nº	%
Compatible	551,26	7%	281	38%
Paraliza	6.892,77	93%	467	62%
Total xeral	7.444,03	100%	748	100%

Hai que ter en conta que o Plan de Ordenación do Litoral protexe, ordena e mellora o 100% da superficie litoral ademais de establecer os criterios principais e normas xerais de aplicación que definen un escenario de maior garantía xurídica de cara a un desenvolvemento sustentable do noso litoral.

O NOVO HOSPITAL PÚBLICO DE PONTEVEDRA ADXUDICARASE O PRÓXIMO ANO E AS OBRAS FINALIZARÁN EN 2014

- *O seu proxecto de viabilidade económica e financeira estará elaborado e será exposto no primeiro trimestre de 2011, e será licitado na primeira metade do ano*
- *O proxecto do centro é modular, con capacidade de ampliación e de futuro, ademais da obra máis importante desta área en materia sanitaria*
- *Os seus criterios reitores son a priorización das áreas de hospitalización; a creación dunha área ambulatoria; e a accesibilidade e diferenciación das circulacións internas dos distintos bloques hospitalarios*
- *O deseño arquitectónico adaptarase ás condicións orográficas e a estrutura construtiva contará cunha estrutura que se adaptará ao terreo en chanzos*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, presentoulles hoxe aos membros do Consello da Xunta un informe sobre o proxecto do novo Hospital de Pontevedra, sinalando que esta infraestrutura hospitalaria estará adxudicada antes de que remate o 2011 e que as obras finalizarán en 2014, é dicir, cun ano de adianto sobre os prazos previstos co anterior proxecto de ampliación do Hospital de Montecelo. O seu proxecto de viabilidade económica e financeira estará elaborado e será exposto no primeiro trimestre de 2011, será licitado na primeira metade do ano.

O proxecto do novo hospital único de Pontevedra é un proxecto modular, con capacidade de ampliación e de futuro, ademais da obra máis importante desta área en materia sanitaria. Estará situado nun contorno accesible onde priman as boas comunicacións, que a situación e accesos do novo hospital contribuirán a desenvolver e estruturar. O novo centro sanitario público que o Servizo Galego de Saúde porá en marcha en Monte Carrasco será 100% público e contará cunha superficie construída de 150.000 metros cadrados, fronte aos 90.000 metros cadrados que tería a ampliación de Montecelo.

Os criterios reitores do novo hospital son a priorización das áreas de hospitalización, a creación dunha área ambulatoria, que concentrará consultas e probas diagnósticas; e a accesibilidade e diferenciación das circulacións internas dos distintos bloques hospitalarios. Unha das principais características do proxecto é a accesibilidade ás distintas áreas funcionais tanto para os pacientes como para os profesionais que traballarán no centro.

Bloques e entradas diferenciadas

A estrutura do novo hospital responde a un formulación de dotación nunha grande área de asistencia a pacientes ambulatorios e ingresados, con accesos diferenciados para consultas externas, urxencias e outro acceso principal xeral.

O deseño arquitectónico do hospital adáptanse ás condicións orográficas da zona. A estrutura construtiva contará cunha estrutura que se adaptará ao terreo en chanzos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O acceso realizarase pola fachada oeste, onde se atopará o bloque ambulatorio de consultas externas. Un segundo bloque, comunicado co anterior, estará destinado á atención ambulatoria e hospitais de día, oncohematolóxico, xeral, cirúrxico e áreas de diálise, rehabilitación, radioterapia ou radioloxía, que precisan de dobre acceso para pacientes ambulatorios e hospitalizados. O terceiro e cuarto bloque están destinados aos servizos internos do hospital como a área de quirófanos e obstetricia, entre outros. Por último, as áreas de hospitalización irán situadas sobre os bloques anteriormente descritos.

No exterior do centro hospitalario, e integrada nunha zona verde, habilitarase a gardaría infantil. O complexo hospitalario tamén contará cun amplo aparcamento.

Datos máis significativos

O novo centro contará con 723 camas (99 camas de hospitais de hospitalización, e 12 doutras áreas), 20 quirófanos, 163 consultas, e 12 salas obstétricas.

No que se refire á carteira de servizos, contará cunha unidade de urxencias ben dimensionada na que destacan as novas consultas (un total de nove), 24 unidades de exploración (seis delas pediátricas e o resto de adultos), 42 unidades de observación (sete delas pediátricas e o resto para adultos) e catro RCP.

O novo Hospital de Pontevedra tamén conta cos últimos avances en tecnoloxía diagnóstica e terapéutica, entre os que destacan 28 salas de diagnóstico por imaxe, un servizo de hemodinámica e radioterapia.

GALICIA REXISTRA ENTRE XANEIRO E NOVEMBRO O DOBRE DO VOLUME DE VIAXEIROS ALOXADOS EN ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS RESPECTO Á MEDIA ESPAÑOLA

- *A comunidade galega contabilizou desde xaneiro a novembro deste ano un aumento do 12,1% no volume de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros con respecto ao mesmo período do ano pasado, mentres que a media nacional foi do 6,5%*
- *Este incremento tamén se rexistrou nas noites feitas, que aumentaron un 10,3% nos once primeiros meses do ano respecto ao 2009. A media nacional situouse nun 6,6%*
- *Os prezos hoteleiros rexistraron no mes de novembro tamén un aumento do 2,1% a respecto do índice rexistrado en 2009, circunstancia que se contrapón ao observado no conxunto estatal, onde caeron de media un 0,6%*
- *No tocante á facturación por habitación ocupada, as cifras rexistradas en novembro en Galicia superan nun 6,6% as correspondentes ao mesmo mes de 2009. O ingreso por cuarto dispoñible tamén subiu na nosa comunidade a respecto do mesmo período do ano anterior un 13,6%*

A Consellería de Cultura e Turismo acaba de presentar ao Consello da Xunta o informe referido aos últimos datos de ocupación turística de Galicia, segundo o Instituto Nacional de Estadística (INE), dos que se desprende que Galicia duplicou entre xaneiro e novembro de 2010 o incremento interanual rexistrado nese mesmo período no volume de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros a nivel nacional.

A comunidade galega contabilizou no período xaneiro-novembro deste ano un incremento do 12,1% no volume de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros con respecto ao mesmo período do ano pasado, mentres que a media nacional foi do 6,5%. O incremento tamén se rexistrou nas noites feitas, que aumentaron un 10,3% neses once meses do ano respecto ao mesmo período do ano 2009. Pola contra, a media nacional situouse nun 6,6%.

En canto ao mes de novembro, Galicia rexistrou un aumento do volume de viaxeiros do 6,9% respecto do mesmo período do ano pasado. As noites feitas situáronse nun 5,8% máis respecto a novembro de 2009. As variacións interanuais na cifra de viaxeiros en relación ao período comprendido entre xaneiro e novembro do último Ano Santo superan neste 2010 nun 3,7% a cifra de viaxeiros e nun 4,6% a cifra de noites feitas.

A dinámica positiva experimentada en Galicia neste mes de novembro vai parella, en liñas xerais ao observado no conxunto do Estado. En particular, no ámbito de toda España rexístrase tamén un crecemento da demanda hoteleira do 5,2% no volume de viaxeiros e do 7,2% nas noites feitas, circunstancia positiva por canto supón unha continuidade na leve recuperación do sector en termos de afluencia turística. Nese contexto, a nosa comunidade sitúase nunha posición similar á de meses anteriores en

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

volume de demanda –tanto en viaxeiros como en noites feitas-, quedando en sétimo lugar por detrás de Cataluña, Andalucía, Madrid, Canarias, Comunidade Valenciana e Castilla y León e en quinto lugar en canto á variación interanual.

Neste sentido, a conxuntura hoteleira do mes de novembro ratifica a tendencia positiva observada na maior parte deste ano 2010, con crecementos importantes da demanda hoteleira, tanto en viaxeiros como en noites feitas, en practicamente todos os meses do ano.

Prezos e rendibilidade empresarial

Os prezos hoteleiros rexistraron no mes de novembro tamén un aumento do 2,1%, circunstancia que se contrapón ao observado no conxunto estatal, onde caeron de media un 0,6%.

Neste mes de novembro son cinco as comunidades autónomas que rexistran incrementos do índice de prezos hoteleiros en relación ao pasado ano, dúas localizadas no Norte Peninsular e tres no arco mediterráneo. Son, neste caso, Galicia, País Vasco, Cataluña, Comunidade Valenciana e Balears, das cales a nosa comunidade rexistra a segunda suba máis elevada. O contraste de Galicia non é só, por tanto, coa media do Estado, senón tamén coa práctica maioría das comunidades autónomas do territorio español.

A tarifa media diaria aplicada nos hoteis e pensións da comunidade sitúase este mes de novembro en 55,3 euros, cifra que subiu de forma notable respecto do ano pasado, concretamente un 6,6%, a porcentaxe máis elevada deste ano 2010. Este incremento supera o rexistrado no conxunto do Estado pois a nivel nacional os prezos medios subiron un 2,1%. Galicia rexistra neste caso a cifra de crecemento máis elevada das comunidades autónomas de España.

Novembro é o sétimo mes consecutivo e o noveno deste ano en que a facturación por cuarto ocupada rexistra incrementos en termos interanuais, é dicir, estanse a superar, na maioría dos meses do ano, as tarifas medias diarias aplicadas nos hoteis e pensións da comunidade en relación ao pasado ano, circunstancia que redundará nunha mellora dos indicadores de rendibilidade do sector.

Por outra parte, os ingresos medios por habitación dispoñible incrementáronse un 13,6%, mentres que a nivel nacional este indicador amosa só un crecemento do 7,4%. É o noveno mes consecutivo en que se rexistra unha mellora da rendibilidade do sector medida a partir dos ingresos medios por cuarto dispoñible.